


## ACTIVIDADE DE INICIO.

### UNIDADES 1 e 2

#### A BASE MOLECULAR E FISICOQUÍMICA DA VIDA (I)

A BIOLOXÍA HOXE. BIOELEMENTOS. AUGA. SALES MINERAIS.



Identifica a imaxe e pon no recadro o tipo de enlace

(múltiplas respostas)

1 Os niveis de organización dos seres vivos son

- |   |                          |  |
|---|--------------------------|--|
| A | <input type="checkbox"/> | Atómico, molecular, macromolecular, celular e ecosistema       |
| B | <input type="checkbox"/> | Subatómico, atómico, molecular, celular, poboación, ecosistema |
| C | <input type="checkbox"/> | Atómico, molecular, celular, poboación e ecosistema            |
| D | <input type="checkbox"/> | Molecular, celular, organismo, poboación e ecosistema          |

2 As biomoléculas inorgánicas son:

- |   |                          |                       |
|---|--------------------------|-----------------------|
| A | <input type="checkbox"/> | Moléculas duras       |
| B | <input type="checkbox"/> | Insolubles            |
| C | <input type="checkbox"/> | Auga e sales minerais |
| D | <input type="checkbox"/> | Do tipo do azucre     |

### 3 Os bioelementos primarios son

- |   |                          |  |
|---|--------------------------|--|
| A | <input type="checkbox"/> | Seis e constitúen máis do 96% da materia viva  |
| B | <input type="checkbox"/> | Catro e constitúen máis do 96% da materia viva |
| C | <input type="checkbox"/> | Cinco e constitúen máis do 85% da materia viva |
| D | <input type="checkbox"/> | Seis e constitúen o 75% da materia viva        |

### 4 Nas moléculas que constitúen a vida temos enlaces

- |   |                          |  |
|---|--------------------------|--|
| A | <input type="checkbox"/> | Unicamente covalentes  |
| B | <input type="checkbox"/> | Covalentes e pontes de hidróxeno   |
| C | <input type="checkbox"/> | Covalentes, pontes de hidróxeno, enlace iónico e Forzas de atracción de Newton |
| D | <input type="checkbox"/> | Covalentes, pontes de hidróxeno, enlace iónico e Forzas de van der Waals       |

### 5 Os principios inmediatos divídense en:

- |   |                          |                          |
|---|--------------------------|--------------------------|
| A | <input type="checkbox"/> | Orgánicos e solubles     |
| B | <input type="checkbox"/> | Orgánicos e inorgánicos  |
| C | <input type="checkbox"/> | Solubles e insolubles    |
| D | <input type="checkbox"/> | Inorgánicos e insolubles |

### 6 As moléculas que forman parte dos seres vivos denomínanse:

- |   |                          |                           |
|---|--------------------------|---------------------------|
| A | <input type="checkbox"/> | Moléculas orgánicas       |
| B | <input type="checkbox"/> | Moléculas dos seres vivos |
| C | <input type="checkbox"/> | Bioelementos              |
| D | <input type="checkbox"/> | Biomoléculas              |

### 7 Cal destas afirmacións é correcta?

- |   |                          |   |
|---|--------------------------|---|
| A | <input type="checkbox"/> | As proteínas insolubles en auga son insolubles en auga e sales              |
| B | <input type="checkbox"/> | As proteínas insolubles en auga poden disolverse en auga con sales minerais |
| C | <input type="checkbox"/> | Non existen proteínas insolubles en auga                                    |
| D | <input type="checkbox"/> | Os sales non inflúen na solubilidade  |

### 8 Cal destas afirmacións é correcta?

A	<input type="checkbox"/>	Os sales están presentes no plasma sanguíneo unicamente.
B	<input type="checkbox"/>	Os sales están presentes no plasma sanguíneo e na linfa unicamente
C	<input type="checkbox"/>	Os sales están presentes no plasma sanguíneo, na linfa, nos ouriños, nos medios intracelulares e nos extracelulares e participan en fenómenos osmóticos
D	<input type="checkbox"/>	Os sales están presentes no plasma sanguíneo, na linfa, nos ouriños, nos medios intracelulares e non participan en fenómenos osmóticos

#### 9 Son aniós

A	<input type="checkbox"/>	$\text{Na}^+$ , $\text{K}^+$ , $\text{NH}_4^+$ , $\text{Ca}^{++}$ , $\text{Mg}^{++}$
B	<input type="checkbox"/>	$\text{Cl}^-$ , $\text{SO}_4^{--}$ , $\text{CO}_3^{--}$ , $\text{HCO}_3^-$ , $\text{HPO}_4^{--}$ , $\text{Na}^+$ , $\text{K}^+$ , $\text{NH}_4^+$ , $\text{Ca}^{++}$ , $\text{Mg}^{++}$
C	<input type="checkbox"/>	$\text{Cl}^-$ , $\text{SO}_4^{--}$ , $\text{CO}_3^{--}$ , $\text{Na}^+$ , $\text{K}^+$ , $\text{NH}_4^+$
D	<input type="checkbox"/>	$\text{Cl}^-$ , $\text{SO}_4^{--}$ , $\text{CO}_3^{--}$ , $\text{HCO}_3^-$ , $\text{HPO}_4^{--}$ , $\text{H}_2\text{PO}_4^-$

#### 10 As funcións: estrutural, transporte, amortecedora, termorreguladora podemos dicir que son propias

A	<input type="checkbox"/>	De todas as biomoléculas
B	<input type="checkbox"/>	Unicamente da auga e dos sales minerais
C	<input type="checkbox"/>	Dos sales
D	<input type="checkbox"/>	Da auga

o

### SOLUCIÓN

Imaxe: Moléculas de auga unidas por Pontes de Hidróxeno.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
D	C	A	D	B	D	B	C	D	D